



CIRCULAR 56-2020.

XXXIII CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER EN PISTA AO AIRE LIBRE

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A F.G.A. organiza o día 26 de setembro o XXXIII Campionato de Galicia Máster de pista ao aire libre, nas pistas de atletismo do CGTD en Pontevedra.

Art.2) Poderán intervenir todos/as aqueles/as atletas da citada categoría (que teñan cumpridos o día da competición 35 ou máis anos), que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 22 de setembro do 2020. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4) Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.5) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.6) Ao longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida. A priori todos os atletas estarán confirmados nas probas nas que foran aceptados. En caso de non poder facer alguna proba pola limitación deberá darse de baixa antes do xoves as 10:00 am.

Art.7) En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función das categorías.

Art.8) Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 3 probas. En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou das dos anteriores. En carreiras só poderá participar nunha que supere os 1000 metros. Para a proba de 5000 limitarase o número de participantes a 32.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art. 9) Non haberá mellora, cada atleta terá dereito a 4 intentos.

Art.10) Horario provisional (publicarase o horario definitivo coas inscricións)

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRAS	LONX / TRIPL0	PESO	LANZ, LONGOS	ALTURA
10:00	400 m.v. Homes			Disco Homes A	
10:08	5 Km Marcha H-M				
10:40	5000 Homes				
10:48				Disco Mulleres	
10:56					Altura Mulleres
11:28			Peso Homes A	Disco Homes B	
11:44					
12:00	5000 Mulleres			Xavelina Homes	
12:16			Peso Mulleres		Altura Homes
12:40	800 Homes				
12:56					
13:12	800 Mulleres		Peso Homes B	Xavelina Mulleres	
13:36	1500 Homes				
14:00	1500 Mulleres				
HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER - XORNADA DE TARDE					
16:30	110 m.v. Homes	Lonxitude Homes A		Martelo Homes A	
16:40	100 m.v. Homes				
16:50	100 Homes				
17:10				Martelo Mulleres	
17:18		Lonxitude Mulleres			
17:34	100 Mulleres				
17:50				Martelo Homes B	
18:06	400 Homes				
18:22		Lonxitude Homes B			
18:54	400 Mulleres				
19:02				M. Pesado Mulleres	
19:34	3000 Obs Homes	Tripl0 Homes			
19:42					
19:50	200 Homes			M. Pesado Homes	
20:14	200 Mulleres				

* Nalgúns concursos dado o alto número de participantes, dividirase en dous grupos:

Grupo A: o que inclúa a M35 e seguintes (segundo número de inscritos por categoría a determinar despois do peche de inscricións)

Grupo B: o de categorías de maior idade



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN Á CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba
Concursos : 25min antes da hora oficial da proba

- * Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.
- * Os atletas terán a obrigaón de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2020), RFEA e W.A..

A Coruña, a 18 de setembro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo